

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN EXTRAORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, 3º andar (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: luns, 01 de decembro de 2025 , ás 11:30 h., en primeira convocatoria, e á 12:00 h., en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, do Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina.

A secretaria xeral